

**ACTA NÚM. 11/2019.**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 6 DE SETEMBRO DE 2019.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 6 de setembro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

**ALCALDE:**

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA.(PSG-PSOE)

**CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:**

-. PSG-PSOE:

PABLO LAGO SANMARTÍN.

MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.

CARLOS NOYA PEREIRA.

MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.

YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.

SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.

-. PP:

MARÍA FARIÑA BELLÓN.

NATALIA FARIÑA GARCÍA.

-. BNG:

FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.

**NON ASISTEN:**

WALDO CARBALLO GARCÍA (PP)

XOSÉ LUIS PENAS CORRAL (BNG)

Secretaria: Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Asiste a interventora do Concello Beatriz López de Castro García.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.

2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

3º) RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.

4º) FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.

5º) ROGOS E PREGUNTAS

---

**1º) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE CAMBIO DO DÍA DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN PLENARIA.**

Dada conta da resolución de alcaldía, que transcrita di:

**ANTECEDENTES:**

O pleno do Concello en sesión de data 27/06/2019 aprobou adoptar o acordo que establece que o Pleno correspondente ao mes de agosto trasladarase ao primeiro mércores do mes de setembro. En casos excepcionais e debidamente xustificadas poderá adiantarse ou retrasarse pola alcaldía a celebración do Pleno ordinario como máximo dunha semana, debendo en todo caso o Pleno como primeiro punto da orde do día ratificar o decreto da alcaldía de cambio do día de celebración.

Resultando que no Concello por diversas circunstancias do persoal funcionario non se puideron tramitar os expedientes competencias do Pleno, resolvo:

1º) Retrasar a sesión ordinaria que debía celebrarse o día 4 de setembro ao 6 de setembro, polos motivos expostos.

2ª) Da presente resolución darase conta ao pleno do Concello para os efectos da súa ratificación.

O Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda ratificala.

## **2º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo a acta da sesión núm. 10/2019, do 31.07.2019.

Sometida a votación, o Pleno por unanimidade dos once membros presentes acorda a súa aprobación.

## **2º) RESOLUCIÓN ALCALDÍA DENDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.**

Pola alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben en extracto:

<b>DATA SINATURA</b>	<b>ASUNTO</b>
12-04-2019	ALTA URXENTE EN SAF 12/2016-M-D-M
12-04-2019	DECRETO DEVOLUCION INGRESO CURSO INFORMATICA (ACCESS)
15-04-2019	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 16/04/2019.
17-04-2019	APROBACIÓN DE BASES DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL AO ABEIRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN 2019.
22-04-2019	ALTA EN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2019-D
23-04-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO A 31.12.2018.
23-04-2019	DECRETO LIQUIDACION TRIBUTOS XGL 16/04/2019
23-04-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA ESPAZO COLABORATIVO (COWORKING).
23-04-2019	BAIXA EN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2007-M-D
23-04-2019	RELACION DE FACTURAS F/2019/18
23-04-2019	CONVOCATORIA PLENO E COMISIÓN INFORMATIVA.
23-04-2019	RELACION DE FACTURAS F/2019/19
23-04-2019	RELACION DE FACTURAS F/2019/20
23-04-2019	DECRETO LIQUIDACION ORZAMENTO EJERCICIO 2018
23-04-2019	DECRETO DE ADJUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE PUBLICIDADE MENSUAL DA

	ADMINISTRACIÓN NA REVISTA EL COMARCAL.
24-04-2019	DECRETO PADRON ACTIVIDADES CULTURAIS, EDUCATIVAS, DEPORTIVAS E DE OCIO 2º PRAZO CURSO 2018/2019
24-04-2019	DECRETO DE VEHÍCULO ABANDONADO NA RÚA TARRÍO, BRIÓN.
25-04-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
24-04-2019	RECOÑECEMENTO DE TRIENOS AO PERSOAL
25-04-2019	DESIGNACIÓN LETRADA E PROCURADORES NO ASUNTO: CONFLICTOS COLECTIVOS 194/2019 SEGUIDO ANTE O XULGADO DO SOCIAL NÚM. 1 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
25-04-2019	DESIGNACIÓN LETRADA E PROCURADORES NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000006/2019 SEGUIDO ANTE O XULGADO DO SOCIAL NÚM. 2 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.
25-04-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
25-04-2019	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS AO PERSOAL
29-04-2019	ALTA EN SAF DEPENDENCIA EXPTE. 03/2019-D E AMPLIACIÓN EXPTE. 01/2010-M-D
26-04-2019	AXUDA DE EMERXENCIA MUNICIPAL 05/2019
29-04-2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE CAMIÑO DE MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS.
29-04-2019	DECRETO PADRÓN CURSO PREPARACIÓN ACCESO A CICLOS MEDIOS MARZO
29-04-2019	DECRETO DE DELEGACIÓN NUNHA CONCELLEIRA.
29-04-2019	DECRETO PADRÓN CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA MARZO
29-04-2019	DECRETO PADRÓN CURSO DE INGLÉS MARZO
29-04-2019	ACOMPANÑAMENTO EXCURSIÓN VILANOVA
29-04-2019	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 30/04/2019.
29-04-2019	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
29-04-2019	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN VIAXE CULTURAL PARA MAIORES A PRAGA 2019.
30-04-2019	NÓMINA DO MES DE ABRIL
30-04-2019	BAIXA SAF MUNICIPAL EXPTE. 01/2018-M
30-04-2019	BAIXA NO SERVIZO XANTAR NA CASA EXPTE. 32
30-04-2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - ABRIL 2019
06-05-2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE ABRIL DE 2019
06-05-2019	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES DE ABRIL DE 2019
06-05-2019	DESIGNACIÓN POLICÍAS ELECCIÓNS LOCAIS
06-05-2019	APROBACIÓN DA PARTICIPACIÓN NA 1ª FASE DO POS + ADICIONAL 1/2019, POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL.
06-05-2019	DECRETO MODIFICACION ORZAMENTARIA 06/2019
06-05-2019	PREMIO LAUDAMUCO PARA TEXTOS TEATRAIS 2019
06-05-2019	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS AO PERSOAL
06-05-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/22
07-05-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE REVISIÓN E REPARACIÓN DO SISTEMA DE REGO NO CAMPO DE FÚTBOL DE BRIÓN.
07-05-2019	COFINANCIAMENTO SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

	2019
07-05-2019	EXTINCIÓN DA AXUDA DE EMERXENCIA MUNICIPAL 4/2019
07-05-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE: OBRAS DE MELLORA DAS CONDICIÓNS ACÚSTICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES SITO EN LAMIÑO: FALSO TEITO.
09-05-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
07-05-2019	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 30/04/2019
07-05-2019	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA - MAIO 2019
07-05-2019	DECRETO DE DELEGACIÓN NUN CONCELLEIRO.
07-05-2019	REMISIÓN DE EXPEDIENTE E EMPRAZAMENTOS NO P.O. 81/2019 ANTE O XCA NÚM. 2 DA CORUÑA, POR MOR DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.
07-05-2019	NOMEANDO LETRADO NO P.A. 81/2019-L ANTE O XCA NÚM. 2 DA CORUÑA.
08-05-2019	DECRETO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CANÓN DE AUGA CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DE 2019.
08-05-2019	RECTIFICACION DECRETO Nº 238/2019 POLO QUE SE APROBA A LIQUIDACION DO ORZAMENTO 2018
08-05-2019	DECRETO CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA E PLENO.
08-05-2019	DECRETO DE CONVOCATORIA DA XGL DO 09/05/2019.
10-05-2019	BAIXA NO SAF DEPENDENCIA EXPTE. 01/2015-M-D E 12/2016-M-D
10-05-2019	BAIXA SAF LIBRE CONCURRENCIA EXPTE. 12/2016-M-D-M
10-05-2019	BAIXA NO SERVIZO XANTAR NA CASA EXPTE. 23 E 24
09-05-2019	CAMBIOS DE TITULARIDADE LIXO 2019 SEGUNDA REMESA
09-05-2019	ADXUDICACIÓN PROVISIONAL DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2019/20
10-05-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020 NO CONCELLO DE BRIÓN.
10-05-2019	CONTRATACIÓN DE PERSOAL AO ABEIRO DO APROL RURAL 2019.
10-05-2019	CONVENIO DE COLABORACIÓN FUNDACIÓN RONSEL
10-05-2019	CONVOCATORIA XGL PARA O DÍA 13.05.2019
10-05-2019	DECLARACIONES MOD. 111 E 303 - ABRIL 2019
10-05-2019	CONTRATACIÓN PERSOAL AO ABEIRO DO APROL RURAL 2019 E ANULACIÓN DECRETO 291/2019 POR ERRO INFORMÁTICO POR OMISIÓN DO TEXTO NO DECRETO.
13-05-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SUBMINISTRO DE BUZOS PARA A RETIRADA DE NIÑOS DE AVESPA VELUTINA PARA O GES.
13-05-2019	DECRETO MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 07/2019
14-05-2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MAIO
14-05-2019	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA ABRIL
14-05-2019	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA ABRIL
14-05-2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA DE MÚSICA TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2018/2019
14-05-2019	DECRETO PADRÓN PREVENCIÓN E INSERCIÓN TERCEIRO TRIMESTRE CURSO 2018/2019

14-05-2019	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 09/05/2019
15-05-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/23 ENERXIA ELÉCTRICA
15-05-2019	PLAN DE ACCIÓN CONTRA A VESPA VELUTINA 2019
15-05-2019	APROBACIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
15-05-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
15-05-2019	DECRETO DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA
15-05-2019	CONTRATACIÓN DE DOUS ALBANEIS E CINCO PEÓNS. PROGRAMA PIL 2019
15-05-2019	DECRETO DEVOLUCIÓN GARANTÍA DEFINITIVA
15-05-2019	DECRETO DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA
15-05-2019	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL
16-05-2019	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 13/05/2019
16-05-2019	DECRETO DEVOLUCIÓN AVAL
16-05-2019	DECRETO DE ADSCRICIÓN DE PERSOAL AO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: PISTA EN BUSTO DE FRADES.
23-05-2019	ALTA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 04/2019-M E AMPLIACIÓNS DE SERVIZOS EXPTE. 03/2019-D E 05/2017-M
20-05-2019	CONTRATACIÓN PERSOAL. RISGA 2019
20-05-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A OBRA DE BRANS DE ARRIBA E AGUIAR.
20-05-2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 08/2019
21-05-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
21-05-2019	LIQUIDACIÓN CUSTOS XESTIÓN DA ETAP AMES-BRION PERÍODO SETEMBRO 2016 A XUÑO 2017
23-05-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
23-05-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
22-05-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/24
22-05-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/25
23-05-2019	DECLARANDO DESERTA A LICITACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
24-05-2019	APROBACIÓN DO PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LUMINARIAS LED NO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE BOULLÓN.
24-05-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LUMINARIAS LED NO ALUMEADO PÚBLICO DE BOULLÓN.
28-05-2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2019
28-05-2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 10/2019
31-05-2019	ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DE PRAZAS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL - CURSO 2019/20
28-05-2019	DECRETO ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS DO 01.03.2019 AO 15.05.2019

28-05-2019	DECRETO PREMIOS ENTROIDO 2019
29-05-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR PARA O SERVIZO DE DOCENCIA DO CURSO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS BÁSICO.
29-05-2019	RENOVACION DA LICENZA MUNICIPAL PARA A TENZA DE ANIMAIS POTENCIALMENTE PERIGOSOS
29-05-2019	DECRETO 1º PREMIO TEATRAL LAUDAMUCO 2019
29-05-2019	RENOVACION DA LICENZA PARA A TENZA DE ANIMAIS PONTENCIALMENTE PERIGOSOS
29-05-2019	DECRETO RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/26
29-05-2019	INICIO NOVO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMNISTRO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
29-05-2019	CONTRATO ACTUACIÓNS REDE CULTURAL 2019
29-05-2019	NÓMINA MAIO 2019
31-05-2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2019
31-05-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE SUBSTITUCIÓN DE LUMINARIAS DE VAPOR DE MERCURIO POR LUMINARIAS LED NO ALUMEADO PÚBLICO DA PARROQUIA DE BOULLÓN.
31-05-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR DE XESTIÓN DO SERVIZO DA PISCINA DE BASTAVALES (SOCORRISMO E LIMPEZA E MANTEMENTO).
31-05-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
03-06-2019	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE MAIO DE 2019
31-05-2019	CONCESIÓN DE LICENZA POR ASUNTOS PROPIOS SEN RETRIBUCIÓN
31-05-2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - MAIO 2019
03-06-2019	EXTINCIÓN DA AXUDA DE EMERXENCIA 03/2019
03-06-2019	SESIÓN ORDINARIA DA XGL DO 04/06/2019. .
03-06-2019	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO
04-06-2019	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN DO LIXO 2019
06-06-2019	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO
04-06-2019	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO CURSO INGLÉS ABRIL
04-06-2019	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO ASISTENCIA AO CURSO BÁSICO LINGUA GALEGA ABRIL
04-06-2019	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO CURSO PREPARACIÓN ACCESO CICLOS MEDIOS ABRIL
04-06-2019	DECRETO PADRÓN TAXA ENTRADA A GARAXES PARTICULARES 2018
05-06-2019	RECTIFICACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA (MAIO)
05-06-2019	AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 06/2019
06-06-2019	RECOÑECIMENTO DE XUBILACIÓN EN FAVOR DUN EMPREGADO PÚBLICO
06-06-2019	CONVOCATORIA DE SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA PARA O 12.06.2019.
06-06-2019	SOLICITUDE OBRADOIRO EMPREGO RENOVA AMESBRION III
06-06-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA 12.06.2019.
06-06-2019	CORRECCIÓN DECRETO 2019/G003/000357. AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 06/2019
10-06-2019	DECLARACIONS MODELO 303 E 111 - MAIO 2019

10-06-2019	DECRETO PADRÓN SERVIZO AXUDA NO FOGAR BÁSICA MAIO
10-06-2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XUÑO
10-06-2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA MAIO
11-06-2019	DECRETO SANCÍONS DE TRÁFICO
11-06-2019	AXUDA MUNICIPAL DE EMERXENCIA 07/2019
11-06-2019	APROBACIÓN DERRADEIRO PAGAMENTO Á XUNTA DE GALICIA POLA COMPRA DA ANTIGA CÁMARA AGRARIA LOCAL.
12-06-2019	DECRETO LIQUIDACIÓN TRIBUTOS XGL 04/06/2019
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO AO IES DE BRIÓN.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO AO CEIP DE BRIÓN.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO AO BASTAVALES UNIÓN DEPORTIVA
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á SOCIEDADE DEPORTIVA LUAÑA.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á SOCIEDADE DEPORTIVA BRIÓN.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ASOCIACIÓN DE MULLERES XUNTANZA.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ASOCIACIÓN BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE BRIÓN.
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO AO CLUBE DE PATINAXE ARTÍSTICA BRIÓN
13-06-2019	CONCESIÓN SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DE SABAXÁNS.
13-06-2019	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DA LUAÑA.
13-06-2019	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO Á ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL DOS ÁNXELES.
13-06-2019	ADSCRICIÓN DE PERSOAL AO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE BRIÓN: ALDEAS DE BRANS DE ARRIBA E AGUIAR
14-06-2019	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE. 02/2019-D
14-06-2019	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA XUÑO 2019 (LB/06.19)
14-06-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/28
14-06-2019	DISTRIBUCIÓN BANCO DE ALIMENTOS XUÑO 2019
14-06-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/27 ENERXÍA ELÉCTRICA
14-06-2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS DO CONCELLO: DE CANTELAR A TEMBRA, INCLUÍDA NO POS +2018, 1ª FASE ADICIONAL 1/2018.
14-06-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/30
18-06-2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: MELLORA DAS CONDICÍONS ACÚSTICAS DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE DEPORTES, SITO EN LAMIÑO: FALSO TEITO.
18-06-2019	DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2019
19-06-2019	BAIXA XANTAR NA CASA EXPTE. 30
19-06-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS

	MUNICIPAIS 2019-2020 NO CONCELLO DE BRIÓN.
19-06-2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DO POS + 2018: CONEXIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO A LUÑA MEDIANTE A CONDUCCIÓN XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA DESDE O RÍO TAMBRE.
20-06-2019	DECRETO CORRECCION ERRO MATERIAL PADRON TAXA ENTRADA A GARAXES PARTICULARES 2018
20-06-2019	DESIGNACIÓN MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL, NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE E DELEGACIÓNS DA ALCALDÍA NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
20-06-2019	DELEGACIÓNS XENÉRICAS POR SERVIZOS.
21-06-2019	DECRETO RELACIÓN FACTURAS F/2019/29
24-06-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25.06.2019.
24-06-2019	CONVOCATORIA PLENO 27.06.2019.
24-06-2019	CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PREVISTA NO ORZAMENTO AO CLUB DEPORTIVO TORRES DE ALTAMIRA
24-06-2019	NOMEAMENTO SECRETARIO MESAS DE CONTRATACIÓN POR ILT DA NOMEADA ANTERIORMENTE.
24-06-2019	EXPEDIENTE DE NÓMINA DO MES DE XUÑO (EXTRA)
25-06-2019	RECOÑECEMENTO DE TRIENIOS AO PERSOAL
25-06-2019	APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO ESCOLAS MUSICAIS 2018/2019.
25-06-2019	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE ESCOLAS CULTURAI 2018-2019.
25-06-2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS PARA A REALIZACIÓN DUN MURAL DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO
25-06-2019	APROBACIÓN DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE ESCOLAS DEPORTIVAS 2018-2019.
25-06-2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DO SERVIZO DE MONITORAXE DOS OBRADOIROS DE VERÁN.
26-06-2019	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO
26-06-2019	COMPLEMENTACIÓN DO DECRETO DE DELEGACIÓNS XENÉRICAS POR SERVIZOS.
27-06-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE TRANSPORTE NAS ACTIVIDADES PROGRAMA BRIÓN VERÁN 19
27-06-2019	BAIXAS POR INSCRICIÓN INDEBIDA NO PADRÓN DE HABITANTES
27-06-2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO DE OBRAS DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESPAZO COLABORATIVO (COWORKING).
28-06-2019	NÓMINA DO MES DE XUÑO
01-07-2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL XUÑO 2019
01-07-2019	EMPRAZAMENTOS NO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000272/2017.
01-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/31
01-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/32
02-07-2019	APROBACIÓN PRÓRROGA DO CONTRATO DE SUBMINISTRO GASÓLEO.
02-07-2019	RECTIFICACION DECRETO Nº 415/2019
02-07-2019	ALTAS PADRÓN MES DE XUÑO DE 2019
02-07-2019	BAIXAS PADRÓN MES DE XUÑO DE 2019
02-07-2019	CONCESIÓN DE ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2019. EEI DE SABAXÁNS

02-07-2019	CONCESIÓN DE ANTICIPO DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA 2019. EEI DA LUAÑA
02-07-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS DE VIAXE CULTURAL PARA MAIORES A PRAGA 2019.
03-07-2019	ADSCRICIÓN DE PERSOAL E MAQUINARIA AO PROXECTO DE TRATAMENTOS PREVENTIVOS CONTRA INCENDIOS DO ANO 2019.
03-07-2019	DECRETO DE ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR POLO SERVIZO DE REDACCIÓN DUN PROXECTO TÉCNICO
04-07-2019	APROBACIÓN DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE SUPERVISIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL DE HERBA ARTIFICIAL.
05-07-2019	DECRETO MODIFICACIÓN CRÉDITOS 12/2019
05-07-2019	CAMBIOS DE TITULARIDADE LIXO
05-07-2019	BAIXA NO PADRÓN DO LIXO
05-07-2019	NOMEAMENTO PERSOAL EVENTUAL.
08-07-2019	APROBACIÓN INICIAL DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CÁNON DA AUDA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.
08-07-2019	INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A EXECUCIÓN POR ADMINISTRACIÓN DA OBRA DO CONCELLO DO POS + 2019: MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO: SABAXÁNS - OSEBE.
09-07-2019	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN DO LIXO 2019
10-07-2019	DECLARACIÓNS MODELO 303 E 111 - XUÑO 2019
09-07-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10.07.2019.
10-07-2019	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO
10-07-2019	APROBACIÓN EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE MATERIAIS PARA A OBRA DO POS + 2019: MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO DE BRIÓN: SABAXÁNS - OSEBE.
10-07-2019	DECRETO PADRÓN ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL XULLO
10-07-2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA XUÑO
10-07-2019	DECRETO PADRÓN AXUDA NO FOGAR BÁSICA XUÑO
10-07-2019	DECRETO PADRÓN CURSO PREPARACIÓN ACCESO A CICLOS MEDIOS MAIO
10-07-2019	DECRETO PADRÓN CURSO BÁSICO DE LINGUA GALEGA MAIO
10-07-2019	DECRETO PADRÓN CURSO INGLES MAIO
10-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/33
10-07-2019	INICIO EXPEDIENTE CONTRATACIÓN SUBMINISTRO CAMIÓN DE REGA ASFÁLTICO.
12-07-2019	APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE CAMIÓN DE REGA ASFÁLTICO.
12-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/34
12-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/35
12-07-2019	COTA MANCOMUNIDADE CONCELLOS SERRA DO BARBANZA (LB/07.19) XULLO 2019
12-07-2019	LIQUIDACIÓN COTA TRANSPORTE METROPOLITANO SOCIAL 2018
12-07-2019	PRÓRROGA DA CONTRACIÓN POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO. CUADRILLA DE OBRAS.
16-07-2019	DECRETO SANCIÓNS DE TRÁFICO

16-07-2019	DELEGACIÓN DE SINATURA NO 1º TENENTE DE ALCALDE.
16-07-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 17.07.2019.
16-07-2019	SOLICITUDE INSERAMES-BRION XII
17-07-2019	CONVOCATORIA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS.
19-07-2019	DECRETO SANCIONS DE TRÁFICO
19-07-2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA ESPAZO COLABORATIVO.
22-07-2019	APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN DE OBRAS ÚNICA DA OBRA DO POS + 2018 ADICIONAL 1/2018: MANTEMENTO E MELLORA DE DIVERSAS PISTAS MUNICIPAIS: PISTA EN BUSTO DE FRADES.
05-08-2019	DECRETO SANCIONS DE TRÁFICO
23-07-2019	PRODUCTIVIDADE 2018. PERSOAL LABORAL
23-07-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24.07.2019.
24-07-2019	CONTRATO MENOR DE SERVIZOS. MONITORAXE DO CAMPAMENTO XUVENIL.
24-07-2019	PRODUCTIVIDADE POR ASISTENCIA (65%). PERSOAL FUNCIONARIO. 1ºT E 2ºT 2019.
24-07-2019	CONVOCATORIA PLENO E COMISIONS INFORMATIVAS.
26-07-2019	PRODUCTIVIDADE POR RENDEMENTO EFECTIVO (35%). PERSOAL FUNCIONARIO 1ºT E 2ºT 2019.
26-07-2019	CONTRATO MENOR SERVIZO CATERING PARA OS CAMPAMENTOS DE VERÁN 2019
29-07-2019	BAIXA SAF DEPENDENCIA EXPTE.07/2018-M
29-07-2019	ELEVACIÓN A DEFINITIVO DO ACORDO PLENARIO DE MODIFICACIÓN DE BASE DE ORZAMENTO 2019.
29-07-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PROXECTO DE MELLORAS NO CONCELLO DE BRIÓN: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTINUO EN TRES PARQUES INFANTÍS.
29-07-2019	DECLARANDO DESERTO O EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRO DE EQUIPAMENTO PARA LOCAL DE COWORKING.
30-07-2019	RELACION DE FACTURAS F/2019/36
30-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/37 ENERXÍA ELÉCTRICA
30-07-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/38
30-07-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O 31.07.2019.
31-07-2019	DECRETO NÓMINAS XULLO
31-07-2019	DECRETO CORRECCION ERROS DE PRODUTIVIDADE POR ASISTENCIA (65%) PERSOAL FUNCIONARIO 1º E 2º TRIMESTRE 2019
31-07-2019	ALUGUER CAFETERÍA CENTRO SOCIAL - XULLO 2019
01-08-2019	DECRETO SERVIZO DE MONITORAXE DO CAMPAMENTO INFANTIL
01-08-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS DE: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2019-2020 NO CONCELLO DE BRIÓN.
01-08-2019	ADSCRICIÓN DE PERSOAL AO PROXECTO DE MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO DE BRIÓN: SABAXÁNS-OSEBE
02-08-2019	APROBACIÓN DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO DE BRIÓN SUBVENCIONADO POLO IDAE.
02-08-2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE XULLO DE 2019

02-08-2019	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES XULLO DE 2019
07-08-2019	INICIO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO PROXECTO SUBVENCIONADO POLO IDAE (COFINANCIACIÓN FEDER): PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
08-08-2019	DECRETO PADRÓN PREZO PÚBLICO CURSO INGLÉS XUÑO
08-08-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE MATERIAIS DA OBRA DO POS + 2019 DE MANTEMENTO E MELLORA DE ALDEAS E CAMIÑOS NO CONCELLO DE BRIÓN: SABAXANS-OSEBE.
09-08-2019	DECRETO INSERCIÓN DE ANUNCIOS NO DOG
12-08-2019	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.
13-08-2019	DESIGNACIÓN REPRESENTANTES DO CONCELLO NO CONSELLO DE DIRECCIÓN DO PROXECTO "COMPOSTELA RUPESTRE"
13-08-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DO ALUMEADO PÚBLICO E MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA EN VARIAS ZONAS URBANAS DO CONCELLO DE BRIÓN.
13-08-2019	ACEPTACIÓN DE DESISTENCIA DO INTERESADO Á RENUNCIA ANTERIOR E DEIXANDO SEN EFECTO A RESOLUCIÓN DO 29.07.2019 DITADA NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO EQUIPAMENTO DO LOCAL PARA COWORKING.
14-08-2019	DECRETO SANCIONS DE TRÁFICO
13-08-2019	RECTIFICACIÓN DE EXPEDIENTE DE NÓMINA DO MES DE XULLO
14-08-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE EQUIPAMENTO DE LOCAL PARA COWORKING.
14-08-2019	APROBACIÓN DEFINITIVA DO PADRÓN FISCAL CONXUNTO DAS TAXAS POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA, SANEAMENTO, DEPUTACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS E CÁNON DA AUDA CORRESPONDENTE AO 2º TRIMESTRE DE 2019.
14-08-2019	ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE: CAMIÓN DE REGA ASFALTICO.
21-08-2019	ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DO SERVIZO "XANTAR DE MAIORES 2019"
22-08-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/39
23-08-2019	DECRETO DE COMPRA DE MUNICIÓN PARA A POLICÍA LOCAL
22-08-2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE: INSTALACIÓN DE PAVIMENTO CONTÍNUO EN TRES PARQUES INFANTÍS DO CONCELLO DE BRIÓN.
23-08-2019	DECRETO DE DELEGACIÓN DE FUNCIONS DA ALCALDÍA EN CONCELEIRO
22-08-2019	LIÑAS FUNDAMENTALES ORZAMENTO 2020
26-08-2019	DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA EEI OS ANXELES
26-08-2019	DECRETO APROBACION CONTA XUSTIFICATIVA S.D. BRION
26-08-2019	DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA SD LUAÑA
26-08-2019	DECRETO APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA UD BASTAVALES
26-08-2019	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN DE OBRA Nº 1 DO PROXECTO CAMIÑO DE MOURENTÁNS A POUSADA DE ABAIXO POR FORXÁN E OUTROS
27-08-2019	APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA: PROXECTO DE MELLORA DE CAMIÑOS

	MUNICIPAIS 19-20
28-08-2019	DECRETO INDEMNIZACIÓN E XUROS SENTENCIA Nº 66/2019 (PDTO ABREV. 219/2018)
29-08-2019	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE NÓMINA. AGOSTO 2019
02-09-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
30-08-2019	ALUGUER CAFETERIA CENTRO SOCIAL - AGOSTO 2019
03-09-2019	ADXUDICACIÓN EXTRAORDINARIA DE PRAZAS ESCOLA INFANTIL CURSO 2019/20
02-09-2019	ALTAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2019
02-09-2019	BAIXAS PADRÓN DE HABITANTES MES DE AGOSTO DE 2019
02-09-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/40
03-09-2019	RELACIÓN DE FACTURAS F/2019/41
03-09-2019	APROBACIÓN DO PAGAMENTO DA RECLAMACIÓN POR COMPENSACIÓN INDEBIDA DE INCAPACIDADE TEMPORAL.
03-09-2019	DISTRIBUCIÓN BANCO DE ALIMENTOS MUNICIPAL SETEMBRO 2019
04-09-2019	APROBACIÓN DO GASTO RELATIVO Á MULTA IMPOSTA AO VEHÍCULO MUNICIPAL JONH DEERE GATOR 4x4, MATRÍCULA E1427BFV
04-09-2019	DECRETO SANCIONES DE TRÁFICO
04-09-2019	CONVOCATORIA PLENO

O Pleno queda enterado.

#### **4º) FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020.**

Dada conta da proposta da alcaldía do 05.09.2019, que transcrita di:

Visto o calendario laboral para o ano 2020 da Comunidade Autónoma de Galicia, propoño ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1º) Propoñer como festivos locais deste Concello para 2020 as seguintes datas:

-. O luns 13 de abril de 2020 ( luns de Pascua ) e o xoves 21 de maio de 2020 ( Ascensión ).

Debate:

O Sr. Alcalde explica que hai unha pequena variación en canto aos festivos para o ano 2020, posto que Santa Minia cadra en domingo e San Xoán foi posto pola Comunidade Autónoma; proponse coller festivo o xoves 21 de maio, día da Ascensión, como os concellos veciños de Ames e Santiago, e quedanos o que poñiamos tradicionalmente que é o luns de Pascua, que cae este ano o 13 de abril, como os concellos de Padrón e Rois.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 11, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (2), e BNG (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a proposta nos seus propios termos.

#### **4º) ROGOS E PREGUNTAS.**

##### **4.1) Rogos e preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do PP:**

1. Rogo: Que para poder conciliar a nosa vida laboral coa asistencia aos plenos e poder así asistir os veciños do Concello se cambie a hora dos mesmos para as tardes, cousa que nos nosos concellos veciños como Ames, A Baña e Negreira xa acontece.

2. Presenta un escrito no que se solicita, que na medida do posible, se tomen en conta as seguintes cuestións e se comunique ao grupo municipal do PP as solucións tomadas sobre os mesmos:

- Cal é o control que fai a Policía Local de Brión na porta dos colexios electorais o día das eleccións.

- Foron multados varios vehículos durante a xornada electoral das eleccións municipais.

- Tense constancia, da esixencia do Concello de Brión, a un veciño de Soigrex, da retirada duns postes que estaba a colocar nun camiño que comunica Soigrex e Alqueidón, queríamos saber se xa se solucionou o citado problema.

Responde o Sr. Alcalde que a Policía Local informa que no día que se celebran eleccións municipais a Subdelegación do Goberno ponse en contacto co concello e lle di se ten inconveniente en poñer a disposición a Policía municipal. Neste caso como sempre ata o de agora, aceptaron, e é a Subdelegación do Goberno quen lles paga e lles di o que teñen que facer. O Sr. Alcalde le o escrito do Xefe da Policía municipal sobre a súa labor o día da xornada electoral do 26 de maio de 2019, e que durante a quenda de traballo se realiza unha denuncia ao Regulamento xeral de circulación.

En canto aos postes en Soigrex, un señor comprou unha serie de terreos, colocou uns postes e se lle obrigou a retiralos; hoxe pola mañá foi a arquitecta municipal e non existen tales postes, está o tema solucionado.

3. Presentan un escrito para que se tomen en conta as seguintes cuestións e se comuniquen ao grupo municipal do PP as solucións tomadas sobre os mesmos:

- Xunto o presente, remítense fotografías do estado dun poste que está situado en Brans de Abaixo, solicítase que dende o Concello, se fagan as xestións oportunas para o arranxo do mesmo, debido ao perigo do estado do mesmo.

- Solicitude, de ser posible, que dende o Concello, se estude a posibilidade de pintado de paso de peóns na zona da nova rotonda do lugar de Soigrex.

- Remítense fotografías do estado de varios cadros de luz que están abertos, solicítase que dende o Concello se fagan as xestións oportunas para que se pechen os mesmos, debido a posibilidade de que se produzan danos persoais.

- Solicitude, de ser posible, que o Concello asuma a compra dunha carpa para que se poida ceder ás comisións de festas, asociacións ou veciños que o soliciten, dado o custo da mesma, que pode ser inasumible moitas veces polas mesmas.

Responde o Sr. Alcalde que en canto aos postes en Brans de Abaixo, tal e como se pode ver nas fotos, era un poste dos redondos dos que practicamente non vai quedando ningún, que foi no momento retirado o cable e falta retirar o poste, e que está colocada a luminaria e o cable nun poste que había enfronte de Fenosa tal como autoriza o convenio asinado con Fenosa, e que polo tanto está solucionado o problema.

En canto ao paso de peóns en Soigrex, é un tema máis complexo, que xa se intentou máis veces e téñense escritos e fotografías que se mandaron á Consellería porque a estrada é da Xunta. O último fai poucos días que chegou, polo que mandan resolución onde declaran non viable a proposta por motivos de seguridade viaria. Os motivos son que a estrada ten unha velocidade superior a 50 Km/h, non se cumpren as condicións de visibilidade suficiente para que os peóns puideran cruzar. Non o daremos por pechado, faranse estudos, e habería que eliminar os aparcamentos que hai aos lados para poder facer o paso de peóns e lévalo a un punto máis lonxe a onde nos dicimos, case enfronte da fábrica de tubos senón queda moi cerca e non aceptan. Consequimos o paso de peóns enfronte da gasolinera despois de cinco anos de loitar coa Xunta, e desgraciadamente hai que darlle a razón, pois a primeira semana houbo dous atropelos. Hai outra persoa que leva moitos anos reclamando nesa mesma estrada, que é o hotel Rosalía e non llo aceptan porque hai curvas.

En canto ao estado dos cadros de luz que están abertos, sinala o Sr. Alcalde que efectivamente hai varios, e así o di o informe da empresa que o leva. Dicar que o cadro do pavillón polideportivo atorníllase e vólvese colocar o candado, tal e como se ve nas fotografías, pero non podemos evitar que pasados uns días o volvan romper. Concretamente na parroquia de Bastavales ó día seguinte das festas aparece o cadro todos os anos aberto, forzado e roto. Con respecto ao que estaba no colexio o único que hai é que sacar o cadro pois non ten electricidade, está anulado. O do parque da Igrexa de Bastavales atorníllase, pónenselle os anclaxes para pechalo con candado e remítense fotografías conforme todos quedaron pechados e colocados.

Ante a solicitude da carpa o Sr. Alcalde sinala que non se nega a dicir nada, o único que as experiencias son moi malas, pero que se pode estudar entre todos. Que o Concello que tiña unha carpa era o de Boqueixón, que nola ten deixado, e que era unha carpa grande e boa. Montala levaba consigo unha grúa e dúas palas. O Concello de Boqueixón no seu momento intentou vendenola moi barata, e ao ano seguinte xa nola regalaban, pero non lla aceptamos. Consideramos que trae máis dificultades que vantaxes. É moito máis fácil estudar outras formas de axudas posibles e non montar unha carpa e que nós teñamos responsabilidade sobre ela.

#### **4.2) Rogos e preguntas presentadas por escrito polo grupo municipal do BNG:**

1. Pasados máis de once anos desde que o IES de Brión abriu as súas portas en Pedrouzos o alumnado de Brión e a veciñanza en xeral aínda non conta cuns accesos de calidade e seguridade que permitan diminuír os riscos nunha zona na que se produce diariamente unha concentración grande de vehículos e persoas.

A beirarrúa fronte ao IES está sen rematar (o que obriga a camiñar pola calzada, co risco conseguinte) e o paso de cebra que hai xusto fronte á porta do Instituto remata directamente nunha gabia.

A seguridade vial neste punto tamén se ve diminuída en momentos de pouca visibilidade (e temos que ter en conta que durante o inverno o alumnado entra ao IES de noite e sae tamén de noite con frecuencia) polo que urxe a mellora da iluminación e da visibilidade do paso de peóns e a elevación do mesmo.

As queixas por esta beirarrúa sen rematar e pola falta de seguridade vial na zona son variadas, tanto individuais como das Asociacións de nais e pais. Por todo isto preguntamos:

- Cando ten previsto o Concello de Brión rematar a beirarrúa do Paso de Pedrouzos fronte o IES de Brión?

-. Cando ten previsto a mellora da seguridade vial na zona coa elevación do paso de peóns e aumentando a iluminación e a visibilidade?

Le o escrito presentado o voceiro do BNG, e o Sr. Alcalde procede explicando que no momento que se urbanizou a zona quedou un tramo no que non se fixo a beirarrúa porque é unha finca privada e que non concederon o permiso. Que se trata dun único propietario non veciño de Brión, que nos enteramos que faleceu a semana pasada, e que o intentaremos cos herdeiros, e se conseguimos autorización non habería ningún problema para facelo ao día seguinte, pero sen permiso non podemos facelo; do contrario habería que expropiar, e iso leva un tempo tremendo, e o máis probable é que nin sequera o autorizara a Xunta, pois só temos capacidade de expropiación cando a Xunta da o visto bo. Que é certo que naquel momento pensamos que se ia desenvolver toda doutra maneira, pero veu o que veu, parouse todo e non houbo máis actividade urbanística e non se chegou a máis nada, pero intentarémolo cos propietarios.

Con respecto á mellora de seguridade viaria na zona, sinala o Sr. Alcalde que temos previsto e estamos elaborando un proxecto no que meter uns cantos pasos de peóns. Estase facendo o asfaltado en quente nalgunhas pistas e estradas do Concello, concretamente nalgunhas que xa tiñan os seus pasos elevados se sacaron, pero tan pronto acaben colocaranse os badéns e pintarase a zona e intentaremos meter nesta zona do colexio unha marca.

Sinala finalmente que se fixo unha reclamación do colexio sobre un alumeado novo no colexio de EXB, pero non houbo ningunha solicitude por parte do instituto de colocación de ningún tipo de iluminación. Mandarase ao técnico para que mire se é necesario e que se faga alí un paso elevado para o paso. Di o portavoz do BNG se puidera ser antes do inverno. Sinala o Sr. Alcalde que o técnico do alumeado afirmou que hai unha zona detrás do instituto que non ten luz, onde está o pavillón, que iso si que habería que estudalo, pois aínda que non é competencia nosa, si está alí e si o utilizamos, e poden poñerse un par de luces.

Pregunta o Sr. Alcalde se hai algunha outra cuestión.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e quince minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretaria accidental, dou fe.

O alcalde

A secretaria accidental

Vº e Prace

José Luis García García

Ana Sánchez Fontáns